



ACTA

<b>Expediente núm.</b>	<b>Órgano colexiado</b>
PLN/2023/11	O Pleno

**DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN**

**Tipo Convocatoria:**

Ordinaria

**Data:**

28 de decembro de 2023

**Duración:**

Desde las 12:05 hasta las 13:30

**Lugar:**

Casa Consistorial

**Presidida por:**

JOSÉ PARDO LOMBAO

**Secretario:**

Cristina Castro Fuentes

**ASISTENCIA Á SESIÓN**

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
33329791P	Elvira Lombao Vila - BNG	SÍ
33331257W	FERMÍN LÓPEZ GONZÁLEZ- PP	SÍ
33817919F	JOSÉ PARDO LOMBAO- PP	SÍ
33834799M	Jesús Fernández García- PP	SÍ
34222169D	José Yebra Amorín- PP	SÍ
33323696P	LUIS ALFONSO TRIGO FERNÁNDEZ- PP	SÍ
47373684D	MIGUEL VIEITO VILLAR- BNG	SÍ
36071720S	Maria del Carmen Acacio Lopez- PSOE	SÍ





33321284B	María Begoña Seco Varela- PP	SÍ
33329706S	María José Martínez Vigo- PP	SÍ
33327776V	Pilar Méndez Lombao- PP	SÍ
33544829L	Tania Díaz Seijas- PP	SÍ
33307083R	Xosé Ferreiro Fernández- BNG	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

Comeza a sesión coa ausencia da concelleira popular María Begoña Seco Varela

### A) PARTE RESOLUTIVA

#### 1.- Aprobación da acta da sesión anterior

<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
------------------	--

#### Resolución:

Sométese a aprobación a acta da sesión de 26 de outubro de 2023

Ó chegar o segundo punto o alcalde pregunta aos membros da Corporación se poden alterar a Orde do día e tratar neste intre o punto da aprobación definitiva do Estudio de Detalle. Non hai oposición por parte de ningún membro da Corporación.

<b>7º.- Expediente 260/2023</b>	<b>Aprobación de Plan de Desenvolvemento</b>
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento

O sr. alcalde explica a proposta, que se aproba:

*Expediente n.º: G 260/2023*

*Procedemento: Aprobación de Estudio de Detalle*

*Interesado: Constantino Casanova Quiñoa*

#### **PROPOSTA AO PLENO**

*Por este Concello, para os efectos de concretar a ordenación detallada no núcleo de Francos, parroquia de Francos está a tramitarse a aprobación do seguinte Estudio de Detalle:*





*Tipo de instrumento: Estudo de detalle*

*Ámbito: Referencia catastral 27039A03000638*

*Instrumento que desenvolve: Normas Subsidiarias do Plan municipal, chan non urbanizable nuclear*

*Á vista dos seguintes antecedentes:*

*Solicitud de particular 27/03/2023 Acompañando estudo de detalle aliñación parcela en chan de núcleo rural tradicional Francos- Reboreda.*

*Informe dos servizos técnicos municipais 25/05/2023*

*Informe de Secretaría 11/07/2023*

*Recepción de informes sectoriais previos á aprobación inicial NON Non se requiren*

*De conformidade co establecido no artigo 21.1.j) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e 80.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Chan de Galicia, foi aprobado inicialmente por Resolución de alcaldía do 13 de xullo de 2023 co nº348 e corrixido á vista de erro existente en data 13 de xullo de 2023 co nº 354. Consta publicado no DOG e no Portal de Transparencia do Concello de Outeiro de Rei e notificado ao interesado. Non constan alegacións presentadas no expediente.*

*Con base non anterior e xa previamente ditaminado pola Comisión de Asuntos do Pleno de sesión 21 de decembro de 2023*

### ***PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN, previa***

***PRIMERO.*** *Aprobar definitivamente o Proyecto de Estudio de Detalle referenciado.*

***SEGUNDO:*** *Publicar o Acordo de aprobación definitiva no Diario Oficial de Galicia, e o texto dos documentos que o integran, así como o índice de planos do estudo de detalle no Boletín Oficial da Provincia.*

***TERCEIRO:*** *Notificar o presente Acordo aos propietarios e demais interesados directamente afectados polo estudo de detalle.*

***CUARTO:*** *Comunicar á Consellería competente en materia de urbanismo da aprobación do estudo de detalle, á vez que se lle dá traslado dun exemplar en soporte dixital, debidamente dilixenciado, co fin de ser inscrito no Rexistro de Plan Urbanístico de Galicia.*

***QUINTO:*** *Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos e en xeral para todo o relacionado con este asunto».*





*En Outeiro de Rei, na data indicada na sinatura electrónica*

*O Alcalde*

*D. José Pardo Lombao*

Non hai intervencións

**2º.- Expediente 1224/2023. Planificación e Ordenación de Persoal**

<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
------------------	--

O sr. alcalde explica aos membros da corporación a proposta de alcaldía, que se aproba:

*“EXPEDIENTE PARA A APROBACIÓN DA DISOLUCIÓN DA AGRUPACIÓN VOLUNTARIA DOS CONCELLOS DE OUTEIRO DE REI E CASTRO DE REI PARA O SOSTENEMENTO EN COMÚN DA PRAZA DE INTERVENCIÓN. APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE*

*Os Concello de Outeiro de Rei e Castro de Rei, ambos limítrofes e da provincia de Lugo acordaron según Decreto 222/1991 de 20 de xuño polo que se aproba a agrupación dos Concellos de Castro de Rey, Cospeito e Outeiro de Rei, da provincia de Lugo, a agrupación voluntaria para o sostenemento en común da praza de Interventor.*

*En 2006 aceptouse a separación do Concello de Cospeito e reordenar a agrupación de municipios de Castro de Rei e Outeiro de Rei para o sostenemento en común do posto de Intervención e modificar os Estatutos da agrupación.*

*Transcorridos mais de 22 anos dende esa agrupación voluntaria de concellos para o sostenemento en común da praza de Intervención, as situación socioeconómicas de ambos concellos mudaron.*

*A realidade da agrupación para o sostenemento do posto de Intervención supón que cada concello dispón unicamente de Interventor/a ao 50% da xornada.*

*Así, actualmente o Concello de Outeiro de Rei ten un volumen de traballo que fai imposible o mantemento do posto en xornada parcial.*

*Consta documento de Relación de Postos de Traballo do Concello de Outeiro de Rei, modificado e publicada a modificación aprobada definitivamente no BOP de Lugo de 5 de abril de 2023 onde constan as seguintes función na ficha do posto de Intervención:*

*Funcións reservadas no artigo 11 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, por el que se regula el régimen jurídico de los funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.*





*Formulación de proxecto de orzamento consonte ás indicacións concretas previamente emitidas pola Alcaldía.*

*Formulación de propostas de regulamentos en materia económica.*

*Formulación de memorias e plans económicos ou financeiros baixo as indicacións concretas previamente emitidas pola Alcaldía.*

*Responsable da Base de Datos de Subvencións.*

*Confección e transmisión de datos no cumprimento das obrigas de coordinación económica-financieira.*

*Así, a actual complexidade do Concello de Outeiro de Rei provoca que o tempo que presta a Interventora agrupada (unha semana 3 días e a seguinte 2 días e así sucesivamente) no é suficiente para atender as xestións ordinarias nin as función propias do seu posto, coa conseguinte perda na calidade na prestación dos servizos públicos así como na eficacia e na eficiencia, principios que deben presidir a xestión pública que marca a Constitución no seu artigo 103.1 e as actuais normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, concretamente o disposto no artigo 7.2 da lei orgánica 2/2012 de 27 de abril.*

*Deben seguirse todos os trámites previsto nos artigos 165 e seguintes da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia e os artigos 13 e 16 do Decreto 49/2009 de 26 de febreiro sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos funcionarios/as cos habilitación de carácter nacional.*

*Con base no anterior propono ao Pleno deste Concello de Outeiro de Rei, previo ditame da Comisión Informativa de Asuntos do pleno en sesión celebrada o día 21 de decembro de 2023, que aprobe inicialmente o seguinte acordo:*

*1º.-Aprobar a disolución da agrupación voluntaria dos Concello de Outeiro de Rei e Castro de Rei para o sostenemento en común dos posto único de Intervención.*

*2º.- Clasificar os postos reservados a funcionarios/as de Administración local con habilitación de carácter nacional resultantes da disolución, nos seguintes termos:*

- *Concello de Outeiro de Rei*
- *Posto: Intervención*
- *Subescala: Intervención categoría de Entrada.*
- *Forma de provisión: concurso*
- *Concello de Castro de Rei*





- *Posto: Intervención*
- *Subescala: Intervención categoría de Entrada*
- *Forma de provisión: concurso*

3º.- *Adscribir a María Isabel Pernas Sánchez, titular do posto de Intervención da agrupación dos Concello de Outeiro de Rei e de Castro de Rei, da provincia de Lugo, ao novo posto de Intervención do Concello de Outeiro de Rei.*

4º.- *Tramitar simultaneamente a modificación da Relación de Posto de Traballo aprobada definitivamente e publicada no BOP de Lugo de 5 de abril de 2022 no senso de modificar o horario de traballo do posto, pasando de ser horario compartido con Castro de Rei a horario ordinario, xornada continua, o que conleva a adecuación retributiva do posto, cuxas retribucións correspondíanse coas propias do 50% da xornada laboral.*

5º.- *Aprobado inicialmente o expediente, debe de ser sometido a información pública durante un mes e solicitarse informe á Delegación do Goberno da Comunidade Autónoma de Galicia e da Diputación Provincial, que deben de ser emitidos no prazo dun mes dende a súa solicitude. De non ser emitidos en prazo, entenderanse favorables.*

6º.- *Logo da información pública e a solicitude e emisión de informes, acordarase a desagrupación definitivamente en sesión plenaria de cada Concello con remisión posterior do expediente á Consellería competente en materia de réxime local.*

*En Outeiro de Rei, na data indicada na sinatura electrónica*

*O alcalde*

*D. José Pardo Lombao*

<b>3º.- Expediente 1028/2023. Peche e Liquidación do Orzamento</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación: Ordinaria</b>
	A favor: 8 (PP), En contra: 0, Abstencións: 4 (BNG e PSOE), Ausentes: 1

O sr alcalde explica a proposta, e da conta de forma resumida dos datos que constan na Conta Xeral de 2022.

A proposta se copia:

*“Ditaminada favorablemente pola Comisión Especial de Contas en sesión de 15 de novembro de 2023.*

*Foi sometida a información pública no BOP de Lugo por período de 15 días hábiles sen que consten presentadas alegacións, segundo se acredita con informe da funcionaria obrante no*





*expediente.*

*Con base no anterior propoño ao Pleno da Corporación que aprobe a Conta Xeral do Concello de Outeiro de Rei do exercicio 2022.*

*En Outeiro de Rei.*

*O alcalde”*

Intervén o concelleiro do BNG Miguel Vieito e solicita que os orzamentos de 2024 sexan presentados en prazo e non coa demora habitual coa que se presentan no Concello de Outeiro de Rei os asuntos económicos.

<b>4º-Expediente 1357/2023. Inventario ou Catálogo de Bens</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Ordinaria
	A favor: 9 ( 8 PP+1PSOE), En contra: 0, Abstencións: 3 (BNG), Ausentes: 1

**Dase conta da proposta:**

“José Pardo Lombao, alcalde do Concello de Outeiro de Rei, presento ao Pleno da Corporación, unha vez ditaminada favorablemente pola Comisión de Asuntos do Pleno en sesión celebrada o día 22 de decembro de 2023, de conformidade co disposto no artigo 33 do Regulamento de Bens das Entidades Locais (RD1732/1986 de 13 de xuño ) a a seguinte proposta de rectificación de inventario:

**INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES**

**PORCIÓN VIAL Nº 211**

**MARTUL**

NOME: PORCIÓN VIAL EN MARTUL – MARTUL.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: MARTUL

Núcleo/lugar: MARTUL

Lindeiros: Norte, coa finca matriz; Sur coa entrada; ao Leste, coa parcela 23 de Fermín López González, e ao Oeste, coa parcela 29 de María Isabel Núñez Rodríguez.





SUPERFICIE: 221,05 m2

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 20 de xaneiro de 2.023.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

**PORCIÓN VIAL Nº 212**

**VILELA**

NOME: PORCIÓN VIAL EN VILELA PEQUENA – VILELA

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: VILELA

Núcleo/lugar: VILELA PEQUENA

Lindeiros: Norte, parcela 413, de María Luisa Gallego Rodríguez; Sur, parcela 10002, de José Benito Fompedriña Rodríguez; Leste, coa finca matriz e Oeste, camiño público.

SUPERFICIE: 84 m2

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 1 de febreiro de 2.023.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: Finca 12278, Folio 25, Tomo 1.215, Libro 115

INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

**PORCIÓN VIAL Nº 213**

**ROBRA**







NOME: PORCIÓN VIAL EN PENELAS - ROBRA

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: ROBRA

Núcleo/lugar: PENELAS

Lindeiros: Norte, José Lombao e Josefa Méndez Núñez; Sur, de Manuel Núñez; Leste, camiño público; e Oeste, coa finca matriz.

SUPERFICIE: 69,60 m2

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 17 de febreiro de 2.023.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: Finca 10547, Folio 21, Tomo 1.123, Libro 92

## INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

### PORCIÓN VIAL Nº 214

#### GAIOSO

NOME: PORCIÓN VIAL EN XUEUS - GAIOSO

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: GAIOSO

Núcleo/lugar: XUEUS





Lindeiros: Norte, parcela 162 de María Aurora Concepción Darriba Guerreiro, parcela 161 de Luis Barreiro; Sur, parcela 157 de José Piñeiro: Leste, coa finca matriz e Oeste, camiño.

SUPERFICIE: 139,08 m<sup>2</sup>

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 31 de marzo de 2.023.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: Finca 12288, Folio 80, Tomo 1215, Libro 115

INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

**PORCIÓN VIAL Nº 215**

**CASTRO**

NOME: PORCIÓN VIAL EN O CASTRO – SAN MARTIN DE GUILLAR

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: SAN MARTIN DE GUILLAR

Núcleo/lugar: O CASTRO

Lindeiros: Norte, coa finca matriz; Sur, camiño; Leste, parcela número 579 dos comparecentes; e Oeste, parcela número 581 de José Indalecio Varela Castro.

SUPERFICIE: 100,04 m<sup>2</sup>

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 11 de maio de 2.023.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: Non consta.

INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES





## **PORCIÓN VIAL Nº 216**

### **VILELA**

NOME: PORCIÓN VIAL EN ALVITE – ROBRA.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: ROBRA

Núcleo/lugar: ALVITE

Lindeiros: Norte, coa finca matriz; Sur, camiño; Leste, leira número 160 de Ismael García Méndez, e Oeste, leira número 150 de María Ángeles Gómez Illán.

SUPERFICIE: 124,92 m2

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 1 de xuño de 2023.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: Finca 12185, Folio 189, Tomo 1210, Libro 113.

## **INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES**

## **PORCIÓN VIAL Nº 217**

### **MATELA**

NOME: PORCIÓN VIAL EN AS ROZAS – MATELA.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: MATELA





Núcleo/lugar: AS ROZAS

Lindeiros: Linda Norte, coa finca matriz; Sur, leira matriz, destinada a vial; Leste, a parcela número oito; e ao Oeste, a parcela número catro.

SUPERFICIE: 50,92 m<sup>2</sup>

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 21 de xullo de 2023

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: *Finca 6699, Folio 143, Tomo 1165, Libro 104.*

## INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

### PORCIÓN VIAL Nº 218

#### SILVARREI

NOME: PORCIÓN VIAL EN PAPE – SILVARREI.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: SILVARREI

Núcleo/lugar: PAPE

Lindeiros: Linda: Norte, parcela 146 do polígono 78 de Jesús Manuel Villamarín Castro; ao sur, parcela 139 do polígono 78 de Ignacio Fernández Díaz; ao Leste, finca matriz e ao Oeste, Camiño de Silvarrei a Alvite.

SUPERFICIE: 154,62 m<sup>2</sup>

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 31 de xullo de 2023.

SITUACIÓN REXISTRAL:





Rexistro da Propiedade: *Finca 12280, Folio 27, Tomo 1215, Libro 115.*

INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

**PORCIÓN VIAL Nº 219**

**CABOI**

NOME: PORCIÓN VIAL EN O MATO – CABOI.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: CABOI

Núcleo/lugar: O MATO

Lindeiros: Linda Norte, camiño; Sur, finca matriz; Leste, leira número 399 de José Armando Rey Rodríguez (antes, Manuel Luaces); e Oeste, leira número 391 de Pilar Barreiro Rodríguez

SUPERFICIE: 479 m<sup>2</sup>

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 31 de xullo de 2023.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: *Finca 6189, Folio 101, Tomo 1007, Libro 62.*

INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

**PORCIÓN VIAL Nº 220**

**SILVARREI**

NOME: PORCIÓN VIAL EN CONSTANTE – SILVARREI.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público





Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: SILVARREI

Núcleo/lugar: CONSTANTE

Lindeiros: Linda ao Norte, coa finca matriz e leira 281 de Luisa Rodríguez Castro; Sur, camiño; Leste, camiño e Oeste, coa finca matriz e parcela 288 de Luis Souto Cabeza.

SUPERFICIE: 237,62 m<sup>2</sup>

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 6 setembro de 2023.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

En Outeiro de Rei, na data indicada na sinatura electrónica”

Non hai intervencións

<b>5º.- Expediente 1254/2023. Cargos Públicos (Dedicacións, Retribucións e Indemnizacións)</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Ordinaria
	A favor: 8 (PP), En contra: 3 (BNG), Abstencións: 1 (PSOE), Ausentes: 1

**Explica o sr. alcalde o contido da proposta, que se copia:**

“José Pardo Lombao, alcalde do Concello de Outeiro de Rei, á vista do disposto no apartado 3º do punto 8º da sesión de 22 de xuño de 2023, que copiado literalmente di:

***8.PROPOSTA DE ALCALDÍA DE ASIGNACIÓN DE DIETAS, ADICIÓN EXCLUSIVAS E PERSOAL EVENTUAL***

*D. José Pardo Lombao, alcalde do Concello de Outeiro de Rei, propón ao pleno da Corporación, o seguinte:*

(...)

*Terceiro.-*





a) *Asignar unha dedicación parcial ao 60% de xornada á Concellería Delegada de Mantenemento de Vías Públicas, cunha retribución brutal anual de 27.000€ distribuidos en 14 pagas.*

b) *Asignar unha dedicación parcial ao 45% de xornada á Concellería Delegada de Deportes, cunha retribución anual de 23.000€ distribuidos en 14 pagas.*

Tendo en conta a DA 28º da lei de Orzamentos xeral do Estado de 2023 que establece un tope por asignación de ata 52.272,61€ por dedicación, puidendo este Concello de Outeiro de Rei ter ata 3 dedicacións exclusivas e resultanto que ten soamente dúas parciais que entre as dúas suponen 50.000€/ano

Resultando que os funcionarios e demais persoal da Administración ve actualizadas as súas retribucións se así o recolle a Lei de Orzamentos xerais do Estado

**Propoño ó Pleno da Corporación, previamente ditaminado pola Comisión de Asuntos do Pleno en sesión de 22 de decembro de 2023, que se amplíe o acordo adoptado na sesión plenaria de 22 de xuño de 2023 quedando como segue:**

“Terceiro.-

a) *Asignar unha dedicación parcial ao 60% de xornada á Concellería Delegada de Mantenemento de Vías Públicas, cunha retribución brutal anual de 27.000€ distribuidos en 14 pagas.*

b) *Asignar unha dedicación parcial ao 45% de xornada á Concellería Delegada de Deportes, cunha retribución anual de 23.000€ distribuidos en 14 pagas*

As retribucións anteriores variarán segundo establezan as leis dos Orzamentos Xerais do Estado ou calquera outra norma no que se fixen os límites retributivos cando aproben incrementos das retribuciones del personal al servicio del sector público ”.

En Outeiro de Rei, na data indicada na sinatura electrónica”

Intervén o concelleiro do BNG Xosé Ferreiro e explica que van a votar en contra por coherencia xa que no seu día votaron en conta das adicacións parciais, que considera que teñen una cuantía económica importante e son innecesarias e irrelevantes para o funcionamento do concello. Di o concelleiro que está en contra de ter dous postos de traballo simultáneos.

Contesta o sr. Alcalde diciendo que Outeiro de Rei ten entidade abondo para ter dúas adicacións parciais e que son adicacións de vinte mil euros que non impide en absoluto poder ter outro traballo. Que no seu partido, cando ostentan dedicacións, como costan o dobre de diñeiro que as parciais de Outeiro de Rei, pois non necesitan ter dous traballos.





**6º.- Expediente 814/2023. Peche e Liquidación do Orzamento**

**Tipo de votación:** É unha dación de conta

**Resolución:**

Dase conta do Decreto de aprobación da liquidación do orzamento 389/2023

**MOCIÓN DO BNG RELATIVA Á CREACIÓN DUN CIM**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Cópiase a moción, que le a concelleira nacionalista Elvira Lombao:

RELATIVA Á CREACIÓN DUN CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER NO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI EXPOSICIÓN DE MOTIVOS O pasado mes de xuño de 2023, a Federación Galega de Municipios e Provincias publicaba o seu estudo sobre a distribución xeográfica no país dos Centros de Información á Muller

1 . Nos seus resultados destaca que só o 26% dos Concellos galegos carece de CIM ou está fóra da área de influencia dun CIM; entre eles, por desgraza, Outeiro de Rei.

O noso Concello vese limitado así nun servizo esencial, prioritario e insubstituíbel na loita contra da violencia cara as mulleres. As nosas veciñas, e as súas familias, non teñen acceso a un asesoramento xurídico específico, á atención e terapia en saúde mental apropiada e centrada na violencia, a nosa veciñanza non é destinataria de actividades formativas neste eido...

É de resaltar, así mesmo, que a función dos CIM excede do asesoramento á muller en caso de violencia, abrangendo tamén asesoramento e formación en materia de diversidade persoal e familiar, relacionada coa Lei galega 2/2014, de 14 de abril, cuxo artigo 8 obriga ás Entidades Locais a se dotaren dun servizo de asesoramento específico. Deste modo os define a Exposición de Motivos do seu Decreto de creación “:

[son] un conxunto de recursos das entidades locais, desde os cales se articula unha intervención global dirixida ás mulleres e que proporcionan asesoramento xurídico, atención psicolóxica, orientación profesional e sociolaboral, así como calquera outra información encamiñada á consecución da igualdade efectiva entre mulleres e homes.

Os CIM atenderán todas as mulleres que o demanden, así como calquera persoa, sexa home ou muller, en asuntos relacionados coa promoción social da igualdade de xénero”

Teñen CIM, ou están na área de influencia dun, non só Concellos dun tamaño similar ao noso, senón Concellos máis preto dunha grande vila, Concellos máis illados territorialmente e Concellos de calquera cor política: Castro de Rei, Cospoito, A Pastoriza, Guitiriz, Guntín,







Portomarín, Riotorto, A Pontenova... O noso Concello é un dos poucos da zona de Lugo Centro – Terra Chá, que non ten CIM nin está sito na área de influencia de ningún deles.

Nótese que a prestación deste servizo nin sequera suporía un custo elevado ás arcas municipais, por canto existen axudas e subvencións públicas a tal efecto. Neste sentido, en troques, termos un CIM captaría fondos para este Concello, non só directos para o propio CIM, senón relacionados coas actividades do mesmo

En datos INE de 2022, o número de mulleres vítimas de violencia de xénero aumentaron na Galiza un 2,5%, até os 1.217 casos. Só no primeiro trimestre de 2023, a violencia de xénero no país, en datos do Consello Xeral do Poder Xudicial<sup>3F 4</sup>, incrementou un 3% (un 3% máis de resolucións xudiciais que no mesmo período de 2022).

A lacra social que supón a violencia contra das mulleres aumenta constantemente e sen se deter, no conxunto do Estado e tamén no país. Fronte a esta realidade, cómpre xuntar o maior número de esforzos posíbeis. A este respecto, temos que sinalar que a actual Mesa interinstitucional de coordinación é un mecanismo potencialmente útil, e ao que nada temos que obxectar. Porén, si debemos poñer de manifesto que é unha ferramenta insuficiente, e que non responde nin ao mesmo tipo de finalidade nin á acción que os CIM poden poñer en marcha no noso territorio.

Por todo o exposto con anterioridade, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no concello de Outeiro de Rei sométese a debate e aprobación polo Pleno deste concello esta MOCIÓN, proponendo a adopción do seguinte ACORDO:

Instar ao equipo de Goberno a iniciar o proceso para dotar ao Concello de Outeiro de Rei dun Centro de Información á Muller.

Logo da lectura da moción pola concelleira nacionalista Elvira Lombao, toma a palabra a concelleira socialista Carmen Acacio e argumenta as bondades do Centro de Información á Muller e os servizos cos que axuda as mulleres. Manifesta o seu apoio á moción do BNG.

O sr. alcalde intervén e di que si ben considera que é un servizo que quere que se preste polo Concello de Outeiro de Rei nun prazo curto de tempo (2024-2025...), na actualidade non hai ningún local adecuado para poder prestalo e ese é o principal problema, a falta de inmobles, pero destaca que o concello ten un plan de igualdade dende hai moito tempo e a Mesa contra a Violencia.

Entra a concelleira Begoña Seco Varela.

Propón o alcalde a enmenda da moción, e que se complete o punto do acordo:

.- Instar ao equipo de Goberno a iniciar o proceso para dotar ao Concello de Outeiro de Rei dun Centro de Información á Muller, outorgando un prazo de dous anos para dispoñer de local axeitado e da pertinente financiación.

Sométese a votación a moción coa enmenda resultando aprobada por unanimidade dos 13 concelleiros e concelleiras

**9º.-MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA RELATIVA AO TRASPASO DE**





## COMPETENCIAS SOBRE O TRAMO URBANO DA NACIONAL VI AO SEU PASO POR OUTEIRO DE REI

**Non hai acordo**

**Motivo:** Falta de quórum

Dase lectura pola concelleira socialista Carmen Acacio á moción:

“Moción para que o goberno do Concello de Outeiro de Rei solicite traspaso de competencias sobre o tramo urbano da Nacional VI ao seu paso polo municipio e faga as xestións necesarias para a súa humanización.

### **MOTIVOS:**

O pasado mes de novembro deste ano, o Ministerio de Mobilidade Sostible formalizou por 405.485,86€ as obras Transportes e de mellora da seguridade viaria mediante a implantación dunha glorieta, na intersección do punto quilométrico 513,670 da estrada N-6, no noso termo municipal. Esta actuación consiste na transformación en glorieta da actual intersección en “T” de dita vía coa autonómica LU-115, que mellora a súa funcionalidade ao resolver de forma máis axeitada os importantes movementos de xiro alí existentes. Tamén incrementará a seguridade viaria da zona, facilitando os movementos e permitindo acougar a velocidade media do tráfico ao seu paso pola travesía de Outeiro de Rei e dispoñendo ademais de novos cruces peonís seguros nos tres accesos á glorieta.

Así mesmo, contéplase a reposición de itinerarios peonís incluíndo beirarrúas, paradas de autobús, elementos de drenaxe, sinalización, iluminación e outros servizos que resulten afectados polas obras.

Sabemos que a axenda 2030 e o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia aliñáronse para pór en valor aquelas actuacións que permitan que as infraestruturas e os cidadáns poidan vivir en ambientes máis verdes e humanos. Debemos lograr lugares con contornas máis verdes e accesibles, con menos niveis de ruído e contaminación pero tamén temos que transformar vías de comunicación que, como no noso caso, incomunican e crean feridas no máis céntrico do noso concello. A humanización das marxes das estradas na contorna urbana permite que os condutores interpreten mellor que están entrando nun novo medio e que adapten a súa condución ao mesmo, por exemplo, reducindo a velocidade e aumentando a súa atención á contorna. Contribúe, polo tanto, a mellorar a seguridade viaria no medio urbano.

Sabendo que se reclamou a Fomento, en 2019, a elaboración do proxecto de obras baseándose nun anteprojecto do ano 2017 co que parte dos veciños afectados non están de acordo, cremos que é momento de levar a cabo, con actitude positiva, unha nova actuación e retomar o asunto desde outro punto de vista. Actualmente, o tramo de N-6 que pasa polo medio da zona máis





urbana de Outeiro de Rei funciona como unha Travesía que comunica Lugo con Outeiro de Rei e con Rábade, utilizado, na súa meirande parte, por veciños e veciñas destes municipios para dirixirse nos seus vehículos aos seus postos de traballo ou ás súas vivendas. Tamén circulan peóns polas beiravías para acudir á farmacia, ao colexio, á casa do Concello, ao médico ou mesmo para achegarse á Residencia de anciáns ou outros negocios, por non haber beirarrúas ou outro tipo de vías de máis seguridade. É agora o momento de integrar ese tramo da estrada nas vidas dos veciños e veciñas e poñelo a disposición de todas e todos sacándolle o maior partido, abrindo as miras cara as persoas e facendo del unha vía principal da vila e non unha ferida que siga separando dúas partes do núcleo de Outeiro de Rei.

Por todo o anterior, o Grupo Socialista de Outeiro de Rei presenta ante este Pleno a seguintes

### **INICIATIVAS DE ACORDO:**

- Que o actual equipo de Goberno faga todas as xestións necesarias para reclamarlle ao Ministerio correspondente a titularidade do tramo da N-6 que atravesa a zona urbana do concello.

- Que o equipo de Goberno de Outeiro de Rei leve a cabo, a partir da obtención de dita titularidade, todas as xestións necesarias para acadar a humanización inmediata do tramo urbano da N-6 para o beneficio da veciñanza, incluíndo nel beirarrúas e sendas ciclistas”

Intervén o concelleiro nacionalista Xosé Ferreiro e di que se trata dunha moción que xa presentou no 2016 o BNG e poden estar dacordo con ela pero sempre que a cedan xa urbanizada.

Contesta o sr. alcalde que se trata dunha iniciativa moi ambiciosa, que había nos últimos orzamentos de Rajoy unha partida de . 300.000€ para as obras desta glorieta e na actualidade foi adxudicada xa. Bota en falla o sr. alcalde que non se arranxen as fochancas das A-6 e da N-VI. Di o sr. alcalde que un concello duns 5000 habitantes non pode asumir o custo do trapaso da NVI no seu paso por Outeiro, que é mais dun (1) km. Considera necesario que se humanice e urbanice facendo beirarrúas, aparcamentos e vías de servizo. Di o sr. alcalde que estaría encantado de facer un convenio co Ministerio de Fomento para que realice estas obras citadas de humanización e urbanización, aportando aínda que sexa, algo de diñeiro o concello. Dille o alcalde á concelleira que si o xestiona, llo agradecería públicamente sen problema. Lamenta o Sr. alcalde que a rede de estradas sea tan deficiente e que se plantexen que a solución da Nacional VI sexa a cesión ó Concello de Outeiro de Rei.

A concelleira socialista Carmen Acacio recalca a necesidade de humanizar a zona, isto é, pensar nas persoas

O Sr. alcalde considera que toda obra de urbanización faise para as persoas, pero estas levan coche e é necesario enfocalo así.

Sométese a votación a moción e resulta rexeitada por 1 voto a favor do PSOE, 9 en contra do PP e 3 abstencións do BNG.





O Sr. alcalde di que se pasa ao turno de rogos e preguntas.

o concelleiro Miguel Vieto di que lle gustaría chamar a atención sobre unha moción que presentou o BNG antes da Comisión Informativa do Pleno relativa ao fomento e promoción do uso da lingua galega e que ignoran por qué non foi na orde do Día da Comisión de asuntos do Pleno cando tería que ir porque foi presentada en tempo.

O sr. alcalde explícalle que a orde do día a decide o alcalde e que non lle pareceu que fose urxente polo que considerou suficiente meter dúas mocións na orde do día do Pleno e que si a queren presentar noutro Pleno así o poden facer e non hai problema, que non é un tema urxente. Di o concelleiro Miguel Vieto que quere que conste en acta que as dúas mocións do BNG foron presentadas en tempo con anterioridade a formación da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno. Di o Sr. alcalde que efectivamente consta no rexistro a presentación das dúas mocións pero que a Orde do Día a confecciona o alcalde.

Pregunta a secretaria se se vai votar o rexeitamento a urxencia e o alcalde di que en ningún caso solicitaron a urxencia. Di o concelleiro Miguel Vieto que é o que están facendo ao que di o alcalde que iso non é certo, e pregunta se alguén oiu ata ese momento falar algo da urxencia por parte do concelleiro.

Di o concelleiro que dixo que quere que se fale deste tema e lle pregunta ao sr. alcalde por qué cre que quere que se fale deste tema. Contéstalle o alcalde que non se trata dun diálogo, que cando quera presentar algo por urxencia que o presente e así se votará. Di o alcalde que soamente lle preguntou por qué non se incluíu na Orde do Día e iso é o que lle explicou. Di o concelleiro que non lle preguntou iso, que díxolle que quería falar do tema da moción. Di o alcalde que lle preguntou exactamente iso.

O concelleiro Miguel Vieto dille ó sr. alcalde que si non quere darlle a palabra para defender a urxencia...o alcalde lle interrompe dicindo que non pediu a urxencia e que quere que conste en acta que non se pediu a urxencia de ningunha mocion.

O concelleiro Miguel Vieto pisa a palabra do sr. alcalde falando a mesma vez polo que o alcalde lle pide que respete xa que non está no uso da palabra.

## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

## C) ROGOS E PREGUNTAS

Pregunta do BNG referida a situación urbanística e subministración de servizos para a parcela onde o C.D. Lugo vai construír a súa cidade deportiva.

Le a pregunta a Secretaria da Corporación, que di:





- A construción dos campor de futbol desa cidade deportiva nesa parcela é respectuosa coa normativa urbanística do Concello?

- Cales son os pasos que o Concello dará para asumir este notábel incremento, tanto o consumo de auga como de electricidade, nesa zona do concello?

Contesta o sr. alcalde que a resposta é que non lle consta ao concello ningunha solicitude formal aos respecto para poder pronunciarse. Di que un investimento dese tipo é interesante pero descoñece datos para contestar a esas preguntas.

Pregunta do BNG referida as actuacións do Concello de Outeiro de Rei con relación á recente Lei de Benestar animal.

Le a secretaria da Corporación a pregunta, que di:

- Qué medidas ten tomado, a data de hoxe e xa case dous meses despois da entrada en vigor da lei, o Concello de Outeiro de Rei para adaptar o servizo xa existente aos termos dos artigos 22 e 23 da Lei?
- Qué medidas ten tomado, a data de hoxe e xa case dous meses despois da entrada en vigor da lei, o Concello de Outeiro de Rei, para cumprir as restantes obrigas que a norma impón (artigo 39)?
- En caso de non ter, a data de hoxe, ningunha medida implantada our en marcha, cál é o horizonte temporal no que o Concello prevé ficar adaptado á nova normativa?
- Ten previsto o Concello de Outeiro de Rei a actualización da ordenanza relativa a animais de compañía (de 2008, que nunca foi adaptada á normativa autonómica de 2017)?

Contesta o sr. alcalde que están esperando a ver se a Deputación de Lugo garantiza axudas aos concellos para tratar estes temas. Que esta lei causa moitos problemas aos propietarios e aos concellos. Di o sr. alcalde que moitas das expectativas que xeneran as leis son complicadas de cumprir como garantir a asistencia a todas as persoas e mesmo neste concello por falta de recursos non se pode ter un CIM como para ter un equipo de guardia para coller os cans e os gatos. Di que lle parece moito mais prioritario a asistencia social e atender os veciños. Di que existeun convenio con Garatuxa e se fai todo o que se pode deixando claro que primero se atende a maiores e nenos e di que é unha pena dicirlle a xente que ten dereito a sanidade e logo hai listas de espera. Polo que para deixar claro o actuar do Concello de Outeiro de Rei quere aclarar as decisións se toman sobre a prioridade dos intereses municipais e dos veciños.

Pregunta do PSOE relativa as colonias felinas.

Le a pregunta a secretaria da Corporación, que di:\





## Concello de Outeiro de Rei

- Qué medidas se toman dende o Concello de Outeiro de Rei para controlar as colonias felinas?\
- Sabendo que existen subvencións da Xunta de Galicia para o control de colonias felinas, teñen pensado levar a cabo algunha campaña de esterilización?

Contesta o sr. alcalde e di que todo o contestado na pregunta anterior vale para esta pregunta e que na actualidade non está prevista ningunha campaña de esterilización de gatos.

Rogo do PSOE que le a Secretaria da Corporacion que di:

- que, dada a importancia do contido de dita ordenanza, actualmente só dispoñible na acta correspondente ao Pleno da súa aprobación, o Goberno do Concello de Outeiro de Rei sexa transparente nas súas actuacións e faga as xestións necesarias para que dita ordenanza sexa accesible para calquera cidadán ou cidadá a través da pestana “Para a cidadanía” que podemos atopar no portal do Concello.

Contesta o Sr. alcalde que queda escoita o rogo.

E, non habendo mas asuntos, dase por rematada a sesión.

### **DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

